



Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cachiquimbra

San Salvador de Cachiquimbra estaba no Outeiro de Rubiós, en San Lourenzo de Cañón, en Celanova (Ourense), ata que foi atacada polos veciños que vivían no castro Furriolo.

Comezou a batalla cun ataque desde o castro, logo sitiáronos e remataron por destruír toda Cachiquimbra. Cóntase que morreorn 11.000 cachiquimbrenses e moitos dos atacantes.

Rematada a conquista, uns soldados foron descansar á beira dunha poza e sentaron nunha trabe deitada no chan.

Mais a trabe rebuliu coma se tivese vida. E tíña; non era trabe senón unha serpe adurmiñada.

Os soldados disparáronlle cos seus fusís pero tiña tan dura a pel que non lla furaban as balas.

Entón un dos soldados puxo un anaco da propia carne da serpe na punta dunha corda, logo deulla a comer e cando lle entrou nas gorkas ataron a corda a un penedo. A pouco que tirou, a serpe esganou e morreu alí mesmo.

E sen querer, deulle nome a aquela poza, desde entón a Poza da Serpe.

BIBLIOGRAFÍA

Reigosa, A. (2010). Guía ilustrada da Galicia invisible. Cidades, vilas e lugares desaparecidos, illas misteriosas, covas impenetrables, personaxes etéreos, montes aparentes, pozos insondables... Xerais, Vigo. (Con ilustracións de Noemí López).